

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2023

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de febreiro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de outubro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE "CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL "MANUEL LAMAZARES"

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1, final e liquidación, correspondente á obra de "CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL "MANUEL LAMAZARES"", por importe de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS

TRINTA E CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (47.234,73 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto e director da obra Don Pablo Pol Barros.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., por un importe total de 47.234,73 €, con cargo á correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 18 de novembro de 2022, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Cuarto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 17/11/22.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Mellora de camiños nas parroquias de Asperelo, Camba, Carboentes, Guillar, Pedroso e A Portela”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, por importe de DOUSCENTOS SESENTA MIL CATROCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (260.464,43 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L., por

un importe de 260.464,43 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 220228 (FACe), de data 21/12/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”, incluída no Programa REACPON, por importe de NOVE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (9.591,50 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 9.591,50 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 0400 (FACe), de data 12/12/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”, incluída no Programa REACPON, por importe de TRINTA E NOVE MIL CENTO UN EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (39.101,61 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 39.101,61 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 414 (FACe), de data 29/12/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- ACORDO SOBRE OS PREMIOS A REPARTIR NO CONCURSO DE CARROZAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2023

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta do Sra. concelleira-delegada de Cultura, acorda establecer os seguintes premios para o concurso de carrozas e disfraces do Entroido 2023, a celebrar o vindeiro día 19 de febreiro do corrente en Rodeiro:

A/ CARROZAS OU COMPARSAS

- 1º premio: 400,00 €
- 2º premio: 300,00 €
- 3º premio: 200,00 €

B/ GRUPOS ADULTOS

- 1º premio: 150,00 €
- 2º premio: 100,00 €
- 3º premio: 70,00 €

C/ GRUPOS INFANTÍS

- 1º premio: 150,00 €
- 2º premio: 100,00 €
- 3º premio: 70,00 €

D/ INDIVIDUAIS/PARELLA ADULTOS

- 1º premio: 75,00 €
- 2º premio: 50,00 €
- 3º premio: 30,00 €

E/ INDIVIDUAIS/PARELLA INFANTÍS

- 1º premio: 75,00 €
- 2º premio: 50,00 €
- 3º premio: 30,00 €

Asemade acordan por unanimidade conceder unha axuda económica para contribuír aos gastos de confección das carrozas ou comparsas, de ata un importe máximo de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), a favor de cada unha das carrozas ou comparsas participantes que, a xuízo do xurado, cumbran cuns mínimos estándares de calidade, agás as que resultaran premiadas.

Aos efectos do presente concurso establécense as seguintes definicións:

✓ Comparsa: Grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e 10 en adulto, disfrazados do mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que non levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo.

✓ Carroza: Comparsa acompañada dun ou varios vehículos de tamaño significativo, construídos expresamente para o Entroido e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo.

7.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade VILARIÑO ESP S.L.U., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 81, do 06/02/23), pola que solicita a devolución da garantía constituída a favor deste Concello pola sociedade Vilariño Movemento de Tierras y Obras S.L. (antiga denominación da solicitante), mediante aval da entidade financeira BANKINTER S.A., estendido con data 07/02/20 (registro núm. [REDACTED]), por importe de TRES MIL NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (3.097,50 €), en concepto de garantía definitiva para responder das obrigacións derivadas do cumprimento do contrato da obra de “*Pavimentación no lugar de Laxas (Pedroso)*”, incluída no Plan Concellos 2019. Tendo en conta o establecido no artigo 111 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

8.- CONCESIÓN DE CUARTA PRÓRROGA PARA O GOCE DE PERMISO DE REDUCCIÓN DE XORNADA A TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA DO CONCELLO POR RAZÓNS DE GARDA LEGAL

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 18 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que se concedía o permiso solicitado pola traballadora laboral indefinida do Concello, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona Laura Eiriz Sobrado, con DNI núm. [REDACTED], para a redución da súa xornada laboral de traballo por razóns de garda legal en virtude de coidado directo de filla menor de doce anos

Segundo.- O permiso concedeuse por un período inicial de dous anos, con data de efectividade do día 23 de febreiro de 2015.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 25/01/17 e 30/01/19, e a resolución da Alcaldía de data 17/02/21, concedéronlle cadansúas prórrogas bianuais, ata o día 23/02/23.

Cuarto.- A interesada solicita con data 10 de xaneiro do corrente (RE núm. 24) unha cuarta prórroga do permiso inicialmente concedido.

Cuarto.- Consta acreditado no expediente a subsistencia a esta data do cumprimento pola solicitante dos requisitos legalmente esixidos para o goce do devandito permiso de redución da xornada de traballo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 48 h) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), dispón literalmente: *“Por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos (...), terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súa retribucións que corresponda (...)*”. Similar disposición establece o artigo 37.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), se ben concretando a redución tanto da xornada como do salario entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da aquela.

Segundo.- Asemade, o artigo 37.7 do ET concede á traballadora concernida o dereito a decidir a concreción horaria e a determinación do período de redución de xornada, dentro da súa xornada diaria.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Autorizar unha cuarta prórroga de dous anos, ata o día 23 de febreiro de 2025, no permiso concedido no seu día á traballadora laboral indefinida do Concello, coa categoría de auxiliar do SAF, Dona Laura Eiriz Sobrado, con DNI núm. [REDACTED], para a redución da súa xornada laboral de traballo por razóns de garda legal en virtude de coidado directo de filla menor de doce anos.

Segundo.- A xornada laboral da traballadora será de 25 horas semanais a desempeñar entre luns e venres no horario de 9:30 a 14:30 horas.

Terceiro.- En aplicación do disposto legalmente o Concello manterá á diminución proporcional das retribucións da traballadora que correspondan.

Cuarto.- Tramitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a prórroga do permiso autorizada aos efectos da cotización e dereitos regulamentariamente establecidos para dito suposto.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á solicitante aos efectos oportunos.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

9.- ACORDO DE GASTO

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes que con data 7 de xullo de 2022, como consecuencia da actuación do equipo de desbroce municipal na estrada de Oseira no lugar de Rodeiro, producíronse danos no vehículo marca FORD, modelo MONDEO e con matrícula 0197 CPY, propiedade de Dona NIEVES VENCE NEGRO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Coreixas, parroquia da Portela. O Concello realizou o correspondente parte de sinistro ante a compañía aseguradora MAPFRE ESPAÑA S.A. Os danos

peritáronse na cantidade de 723,73 €, IVE excluído, sendo abonada pola aseguradora a cantidade de 423,73 €; correspondendo ao Concello asumir o importe da franquía contratada na póliza en vigor que ascende á cantidade de 300,00 € por sinistro.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar un gasto por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) a favor da aseguradora do vehículo danado PLUS ULTRA SEGUROS Y VIDA S.A., en concepto de abono da franquía contratada, con cargo á partida 920/226 do orzamento en vigor.

10.- ACORDO DE GASTO

Por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acórdase a aprobación do gasto necesario para a celebración do concurso de carrozas e disfraces do Entroido 2023 o vindeiro día 19 de febreiro en Rodeiro. Ao descoñecerse de antemán o número de participantes e poder facer efectivo nese día o importe dos premios, acórdase por unanimidade ordenar ao Sr. tesoureiro que expida mandamento de pago a xustificar a favor da concelleira-delegada de Cultura Dona Ana Belén Calvo Mariño, por importe de DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (2.450,00 €), debendo dita concelleira presentar a conta xustificativa de gastos no Concello ao remate dos actos para a súa aprobación na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local a celebrar.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 61,71 € E 62,10 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A19 e 23A26 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 97,10 €
Por adquisición de impresora para oficinas municipais, s/factura núm. 23A25 (FACe).

- CONSEJO GENERAL COSITAL 120,00 €
Por subscrición anual a portal de contabilidade pública local, s/factura núm. IN20231300 (FACe).
- WURTH S.L. 735,37 €
Por traballos de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes, s/factura núm. S02120 (FACe).
- MARCAXE DEZA S.L. 108,90 €
Por subministro de material de oficina para o Xulgado de Paz, s/factura núm. 23035 (FACe).
- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 457,63 €
Por licenzas anuais de aplicacións Office para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2023/0040 (FACe).
- LA LEY SOLUCIONES LEGALES S.A. 3.683,42 €
Por subscrición anual a base de datos xurídica, s/factura núm. V-FAC-REN+2023-RE/FV00000503 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 12.432,63 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de decembro de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 7.639,63 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de decembro de 2022, s/recibos.
- ULLA OIL S.L. 1.103,13 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 4379 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 198,44 €, 525,14 €, 17,40 €, 69,39 € E 54,38 €
Por consumos de telefonía fixa e móbil, s/facturas núm. TA6Z60001404, TA6Z60001405, TA6Y70001201, TA6Y70001219 e TA6Y70001220 (FACe).

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 €, 27,83 € E 0,18 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-A3DD-039235, 28-A3M0-061139 e 28-A3U1-117885 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 59,05 €
Por taxa de ITV do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 361323FC0000585.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 91,48 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios/as do Concello no mes de decembro de 2022, s/factura núm. 23ZNX0000055 (FACe).
- MANUEL JORGE ALBOR 2.287,50 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 23.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.183,93 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. FA – 1.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.737,15 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de decembro de 2022, s/factura núm. 2022/3501 (FACe).
- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de decembro de 2022, s/factura núm. 2338 (FACe).
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 66,00 €
Por subministro de caramelos para os participantes na cabalgata de Reis Magos, s/factura núm. 13455.
- BARAFUNDA S.L. 2.050,95 €
Por traballos de decoración e deseño das carrozas da cabalgata de Reis Magos, s/factura núm. 432 (FACe).

- ODAIKO KREA S.L. 3.509,00 €
Por instalación de carpa, plataforma, material, equipo de son e actuación de Dani Barreiro na cabalgata de Reis Magos, s/factura núm. 009 (FACe).

- TOXO VERDE S.C. 220,00 €
Por gravación e montaxe de video da cabalgata de Reis Magos, s/factura núm. S-201800009 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)